

VI. ANUNCIOS

A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

RESOLUCIÓN do 14 de xuño de 2011 pola que se someten a información pública os informes de sustentabilidade ambiental e as propostas de plans de zona derivados da Lei 45/2007.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) é o órgano promotor dos plans de zona rural que se elaborarán para cada unha das doce zonas rurais delimitadas e cualificadas na Comunidade Autónoma de Galicia, atendendo ás determinacións do primeiro Programa de desenvolvemento rural sustentable 2010- 2014 (PDRS), aprobado polo Real decreto 752/2010, do 4 de xuño, e de conformidade coa Lei 45/2007, do 13 de decembro, de desenvolvemento sustentable do medio rural.

Iniciado o proceso de avaliación ambiental estratéxica de acordo co previsto na Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre a avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, coa remisión ao órgano ambiental do documento de inicio con data do 14 de marzo de 2011, e despois das consultas ás distintas administracións públicas afectadas e ao público interesado, realizadas do 17 de marzo ao 1 de abril de 2011, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental emitiu, con data do 25 de abril de 2011, o documento de referencia que determina a amplitude, nivel de detalle e grao de especificación que debe ter o informe de sustentabilidade ambiental (ISA) que será elaborado polo órgano promotor dos plans.

Atendendo ás citadas consideracións e ás observacións efectuadas, Agader procedeu a elaborar os informes de sustentabilidade ambiental correspondentes a cada un dos doce plans de zona que se atopan actualmente en fase de elaboración, tomando como referencia a versión preliminar destes documentos elaborada no marco de concertación e participación pública que propugna o PDRS.

Para os efectos de abrir a fase de consultas e posta á disposición das administracións e do público interesado, prevista no artigo 10 da Lei 9/2006, procede someter a información pública os informes de sustentabilidade ambiental, conxuntamente coas versións preliminares dos plans de zona, co fin de que as administracións e persoas físicas ou xurídicas que se consideren interesadas realicen as contribucións ou suxestións que xulguen oportunas verbo da sustentabilidade dos plans.

Tendo en conta a necesidade de cumprir coa maior celeridade cos trámites necesarios para a aprobación dos plans, considérase que concorren razóns de interese público para a aplicación da tramitación de urxencia, pola que se reduce á metade o prazo de 45 días previstos no artigo 10 da Lei 9/2006.

De acordo co anterior,

RESOLVO:

Primeiro. Abrir un período de información pública polo prazo de vinte e tres (23) días hábiles, que comezará a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para a posta á disposición do público e consulta ás administracións públicas afectadas e ao público interesado sobre a versión preliminar dos plans de zona e o correspondente informe de sustentabilidade ambiental.

Segundo. A documentación relevante está dispoñible na páxina web de Agader, <http://agader.xunta.es/Actividades.do>, así como nas dependencias administrativas de Agader, sitas na rúa dos Camiños da Vida, s/n, edificio Witland, 2.º A e 2.º C, Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2011.

Antonio Crespo Iglesias
Director xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural